

FORMULARIO PARA O EXERCICIO DO DEREITO A NON SER OBXECTO DE DECISIÓNS AUTOMATIZADAS

DATOS DO RESPONSÁBEL DO TRATAMENTO

Nome / razón social: CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG)
CIF: G36706927
Enderezo: Rúa Miguel Ferro Caaveiro, n.º 10
Concello: Santiago de Compostela
Código Postal: 15703
Provincia: A Coruña
Correo electrónico: proteccion-datos@galizacig.gal

DATOS DO/A AFECTADO/A OU REPRESENTANTE LEGAL

D./D^a , maior de idade, con
endereço nº
concello provincia C.P.
con DI/NIF , con correo electrónico
e teléfono de contacto , por medio do presente escrito exerzo o dereito a non ser
obxecto de decisións automatizadas, consonte co previsto no artigo 22 do Regulamento UE 2016/679, Xeral
de Protección de Datos (RGPD).

COMUNICO E SOLICITO

Que fun informado/a e consinto que esta Entidade trate e garde os datos achegados na instancia e na documentación para as finalidades propias da mesma.

Que se adopten as medidas necesarias para salvagardar os meus dereitos e liberdade e, en consecuencia, que se anule calquera decisión que puidera terse tomado por esa entidade, así como os seus efectos, baseada no tratamento automatizado dos meus datos, incluída a elaboración de perfís, que produza efectos xurídicos ou me afecte significativamente.

Que sexa atendida a miña solicitude nos termos anteriormente expostos no prazo máximo de 1 mes e se me comuniquen as medidas adoptadas.

En a de de 20

Asinado:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsábel	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) – CIF: G36706927
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións derivadas do contido da solicitude
Lexitimación	Consentimento outorgado
Destinatarios	Responsábel e/ou encargados/as do tratamento e, no seu caso, delegado/a de protección de datos.
Dereitos	Acceso, rectificación, cancelación, oposición, portabilidade, esquecemento e limitación
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte ligazón http://cig.gal/politica-proteccion-de-datos.html

INSTRUCCIÓN PARA A CUMPRIMENTACIÓN DO FORMULARIO

1. Iste formulario utilizarase polo afectado/a cando non desexe ser obxecto dunha decisión baseada unicamente no tratamento automatizado, incluída a elaboración de perfís, que produza efectos xurídicos ou lle afecte significativamente.
2. Será necesario achegar fotocopia do D.I. ou documento equivalente que acredite a identidade e sexa considerado válido en dereito, naqueles supostos nos que o responsábel teña dúbidas sobre a súa identidade. No caso de que se actúe a través de representación legal deberá achegar, ademais, DI e documento acreditativo da representación que se ostenta.
3. A Axencia Española de Protección de Datos non dispón dos datos persoais e só pode facilitar os datos de contacto dos Delegados/as de Protección de Datos das entidades obrigadas a sinalos/as. Tamén pode facilitar estes datos de contacto respecto daquelas entidades que designen un Delegado/as de forma voluntaria.
4. O titular dos datos persoais obxecto de tratamento debe dirixirse directamente ante o organismo público ou privado, empresa ou profesional do que presume ou ten a certeza de que posúe os seus datos.
5. Para que a Axencia Española de Protección de Datos poida tramitar a súa reclamación, no caso de non ser atendida a súa solicitude de exercicio do dereito de acceso, resulta necesario que percorra 1 mes desde a presentación da solicitude pola que exercita o dereito de acceso, e que achegue, xunto co escrito que, no seu caso, reciba do responsable do tratamento, algún dos seguintes documentos:
 - Resolución negativa do responsábel do tratamento a satisfacer o dereito a non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís.
 - Copia selada polo responsábel do tratamento do modelo de petición de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas.
 - Copia do modelo de solicitude de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas, selada pola oficina de correos ou copia do xustificante do envío por correo certificado.
 - Calquer outro medio de proba facilitado polo responsábel do tratamento e do que se poida deducir a recepción da solicitude.
6. Enderezos de envío.
 - Por correo postal: Delegado de protección de datos. CIG. Alfonso Molina, s/n 6º, 15008, A Coruña
 - Por email: proteccion-datos@galizacig.gal.